

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 10 DE

NOVIEMBRE DE 2014

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás dez horas do día dez de novembro de dous mil catorce, baixo a presidencia de dona Maria Jesús González Roel, por imposibilidade de asistencia do señor alcalde, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona Rocio Vila Díaz, dona Marta Maria Vázquez Golpe, don Santiago Manuel Ríos Rama e don Manuel Marante Gómez.

Non asisten e presentan escusa don Felipe Andreu Barallobre e don Fernando Caride Suárez.

Intervén como secretaria da Corporación dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examínanse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 3 de novembro de 2014

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco membros que asisten á sesión, acordou deixar o borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 3 de novembro de 2014 sobre a mesa para a súa aprobación na vindeira sesión.

2º.- Correspondencia

- Anuncio do Concello de Cambre respecto da aprobación provisional da ordenanza fiscal, reguladora da taxa por aproveitamentos especiais da vía pública con caixeiros automáticos e outros elementos análogos adosados aos edificios e con acceso directo dende a vía pública. (Boletín Oficial da Provincia número 214, do día 7 de novembro de 2014).

- Orde HAP/2075/2014, de 6 de novembro, do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, pola que se establecen os criterios de cálculo do custo efectivo dos servizos prestados polas entidades locais. (Boletín Oficial do Estado número 270, do día 7 de novembro de 2014).

3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

Informes da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo

Dona Marta Maria Vázquez Golpe informa que están avanzando coa campaña do Nadal, xa se está perfilando e para a vindeira sesión da Xunta de Goberno Local presentará a programación que van a realizar.

A continuación informa respecto do obradoiro de emprego “servizos de atención sociosanitaria en institucións” e manifesta que os alumnos comezarán a realizar traballo práctico nas institucións colaboradoras a partir do día 11 deste mes, en alternancia coa formación no centro municipal de formación.

Igualmente, informa respecto dos cursos de formación do Plan AFD. Sinala que os cursos “xestión integrada de recursos humanos” e “atención sociosanitaria a persoas no domicilio”, os alumnos están a realizar prácticas.

Para rematar a súa intervención, dona Marta Maria Vázquez Golpe informa que xa remataron os cursos “montaxe e mantemento de instalacións solares térmicas”, “dinamización comunitaria” e “soldadura oxigás e soldadura MIG/MAG”.

Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos

Don Manuel Marante Gómez informa que para o POS 2015 está listo o proxecto. Propoñerán a substitución dos tubos de fibrocemento na Mota e Lendoiro, parroquia de Cecebre. Engade que son os únicos que quedan en todo o concello por substituír. En canto ao complementario, a idea é incluír a mellora das beirarrúas na contorna da rúa dos Templarios.

A continuación, tamén informa que se adjudicou o DTC-93 á empresa Canarga. Engade que no POS 2013 complementario, a primeira empresa estaba en baixa temeraria, non a xustificou e a segunda empresa está igualmente en baixa temeraria e di que se lle solicitou a documentación.

En canto á iluminación de Nadal, di que se adjudicou e se acenderá dende o día 6 de decembro ao 6 de xaneiro.

A seguir informa que as obras para parques empresariais, comezouse fai dúas semanas o que é o emisario de saneamento e esta semana comeza o asfaltado das rúas do polígono.

Igualmente informa que os semáforos que se pretendían instalar en Enxertos, están pendentes que presenten os orzamentos. En canto aos semáforos da contorna da glorieta de Villa Concepción, están pendentes da autorización de Fomento, dado que hai que cortar a rúa.

Para rematar a súa intervención, don Manuel Marante Gómez informa que se adxudicou a iluminación da senda da Castellana, entre Cambre e Pravio. Así mesmo, di que na praza José Luis Caso Cortines tamén unificarán varios puntos de luz soltos para metelos nun centro de mando.

Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo

Don Santiago Manuel Ríos Rama informa que o vindeiro venres día 14 de novembro, ás 19.00 horas, no centro sociocultural do Graxal terá lugar a representación da obra "Viaxe ao país dos soños", a cargo da compañía Iara Teatro.

A continuación informa que o vindeiro sábado día 15 se reunirá o xurado da edición número XXXI do certame de pintura a fin de elixir a obra ganadora deste ano. Engade que o xurado está composto por don Antón Pulido, pintor de Vigo; don Darío Basso, pintor de Madrid; don Salvador Jorroto, galerista da Coruña; dona Soledad Penalta, escultora de Cambre e don Felipe Senén, escritor e arqueólogo da Coruña.

Para rematar a súa intervención, don Santiago Manuel Ríos Rama informa que se convocou para o día 4 de decembro de 2014 a reunión sobre a presidencia do Camiño Inglés que terá lugar no salón de plenos do concello.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as dez horas e trinta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

A presidenta

Maria Jesús González Roel

A secretaria

Maria Luisa de la Red Ampudia